



## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN E PROMOCIÓN**

Estes son os criterios de avaliación, baseados nos obxectivos e contidos da etapa, que o equipo de ciclo escolleu como referentes na práctica educativa diaria. Están separados por nivel e a súa vez subdivididos en áreas de coñecemento.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

#### **4º Educación Infantil**

##### **Coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal**

- Coñecer as partes do corpo e algunhas das súas funcións.
- Recoñecer a importancia de expresar as propios emocións e necesidades, así como respectar as dos demais.
- Progresar no coñecemento de si mesmo valorándose positivamente.
- Participar activamente en xogos mostrando destrezas motoras cada vez máis axustadas.
- Resolver con iniciativa e autonomía as actividades habituais e problemas da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar normas.
- Valorar positivamente as diferenzas individuais, mostrando axuda e respecto cara os demais e respectando as normas de convivencia.
- Manifestar hábitos de autonomía, seguridade, hixiene e saúde, e empregar adecuadamente espazos e materiais
- Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas.

##### **Coñecemento da contorna (Medio físico, natural, social e cultural)**

- Identifica os alimentos saudables, diferenciando entre eles as froitas e hortalizas.

- Progresa no desenvolvemento de habilidades matemáticas como cuantificación, agrupación, orde ou clasificación a través de elementos próximos.
- Explorar os obxectos e elementos do contorno e actuar sobre eles, recoñecendo os seus atributos e calidades.
- Dar mostras de interese polo medio natural e social e dos seus cambios, manifestando actitudes de coidado e respecto cara o contorno.
- Coñecer os grupos sociais máis significativos do seu contorno e algunhas da súa funcións.
- Amosar pautas de comportamento social para relacionarse cos demais, resolvendo os conflitos de forma pacífica.
- Recoñecer algunhas manifestacións culturais propias do seu contorno, valorando a súa diversidade e riqueza.

### Linguaxes: comunicación e representación

- Empregar as distintas linguaxes como medio de expresión e comunicación coas demais persoas.
- Producir mensaxes comunicativas a través das diferentes linguaxes, deixando constancia do coñecemento de dúas linguas oficiais.
- Amosar unha actitude positiva cara comprensión dos mensaxes e intención dos demais nos xogos e interaccións habituais, nas diferentes linguas.
- Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades.
- Usar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como un recurso informativo, de entretemento e gozo.
- Amosar interese por coñecer obras artísticas expresadas en diferentes linguaxes e no coñecemento de diferentes técnicas e materiais.
- Empregar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación para informarse, expresarse e comunicarse.
- Amosar interese por explorar as súas posibilidades de expresión musical e corporal.

## 5º Educación Infantil

### Coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal

- Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes.
- Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá.
- Recoñecer os sentidos e identificar percepcións e sensacións.
- Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.
- Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade.
- Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas.
- Participar en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas.
- Participar en xogos e actividades colectivas aceptando as normas que os rexen.
- Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.
- Manifestar hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.
- Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas.

### Coñecemento da contorna (Medio físico, natural, social e cultural)

- Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles.
- Recoñecer os seus atributos e cualidades.
- Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións segundo distintos criterios.
- Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual.
- Propoñer e resolver problemas sinxelos relacionados con situacións cotiás, empregando e comparando magnitudes de peso, lonxitude e capacidade.
- Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos: liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas, cubos e prismas.

- Describir e representar dun xeito elemental a situación das propias nenas e nenos en relación a obxectos e as demais persoas usando vocabulario topolóxico elemental.
- Usar e comprender nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa vida.
- Dar mostras por interesarse polo medio natural e os seus cambios.
- Identificar e nomear algúns dos seus compoñentes, establecendo relacións sinxelas de interdependencia.
- Manifestar actitudes de coidado e de respecto cara á natureza e participar en actividades para conservala.
- Identificar e recoñecer as diferentes etapas da vida nas persoas e outros seres vivos.
- Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do contorno do alumnado e algunhas características da súa organización.
- Recoñecer, identificar e poñer exemplos sinxelos dalgúns servicios comunitarios.
- Recoñecer algunhas manifestacións culturais próximas e doutras realidades, valorando a súa diversidade e riqueza.

### Linguaxes: comunicación e representación

- Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.
- Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.
- Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación.
- Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades.
- Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...
- Producir diferentes textos individualmente ou en grupo -con escritura convencional ou non-, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo...
- Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de entretemento e gozo.

- Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.
- Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas.
- Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación.

## **6º Educación Infantil**

### Coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal

- Coñecer progresivamente o seu esquema corporal
- Identificar algunhas características diferenciais do seu corpo.
- Ser progresivamente autónomo/a nas rutinas diarias, coñecendo e comezando a utilizar adecuadamente os obxectos relacionados con ela.
- Controlar progresivamente o seu corpo e adoptar diferentes posturas.
- Adaptarse progresivamente á vida escolar, establecendo relacións adecuadas cos seus compañeiros e compañeiras e co docente.
- Identificar algunhas emocións básicas en si mesmo/a e nos seus compañeiros e compañeiras.
- Adquirir precisión nas habilidades motrices de carácter fino.
- Comezar a comprender que é importante comer todo tipo de alimentos.

### Coñecemento da contorna (Medio físico, natural, social e cultural)

- Expresar oralmente algúns cambios que se producen no medio coa chegada da primavera
- Respetar as normas básicas de comportamento en clase.
- Establecer algunhas relacións moi sinxelas de causa-efecto nos experimentos realizados
- Localizar obxectos e situarse a si mesmo/a en o **espazo** atendendo ao criterio traballado.

- Discriminar a **medida** traballada.
- Agrupar obxectos atendendo aos **cuantificadores** traballados.
- Realizar adecuadamente a grafía dos números **1,2,3,4,5,6,7,8,9,10** relacionándoos coas cantidades correspondentes e recoñecendo o primeiro e o segundo dunha colección.
- Comprender o criterio que segue unha **serie** para poder continuala
- Coñecer algúns lugares de lecer e diversión, comprendendo a necesidade de comportarse adecuadamente..
- Realizar **clasificacións** de elementos atendendo as propiedades dos obxectos; forma, cor, tamaño
- Discriminar algunhas propiedades dos obxectos, identificando semellanzas e diferenzas entre eles.

### Linguaxes: comunicación e representación

- Avanzar na comprensión verbal e na expresión oral.
- Expresarse de xeito adecuado á idade, aumentando progresivamente o vocabulario.
- Memorizar rimas moi sinxelas.
- Iniciarse na escritura silábica-alfabética
- Iniciarse no ditado.
- Mellorar a direccionalidade na linguaxe escrita.
- Acadar unha presión correcta na escritura
- Interpretar e ler imaxes, etiquetas e pictogramas
- Amosar interese polos textos de literatura infantil: contos clásicos, poemas, adiviñas..., lidos na clase..
- Articular frases cunha estruturación gramatical progresivamente máis correcta.
- Utilizar os saúdos adecuadamente.

- Producir materiais decorativos utilizando diferentes técnicas plásticas.
- Coñecer as obras dalgúns artistas universais
- Desenvolver a discriminación auditiva
- Expresarse a través da linguaxe corporal
- Expresarse e comunicarse utilizando medios e técnicas propios da linguaxe audiovisual e das novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Iniciarse na utilización do ordenador E PDI.
- Navegar no blog do aula.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os indicadores específicos observables para cualificar son os que figuran na aplicación corporativa XADE para esta etapa. Cada un deles poderá ser cualificado dun dos tres xeitos:

- Sen dificultade
- En proceso
- Con dificultade

### CRITERIOS DE PROMOCIÓN

En relación AOs criterios para a promoción, estimamos que ao ser unha etapa educativa non obrigatoria, non ten sentido a flexibilización de curso aínda que non se consigan todos os obxectivos propostos. A flexibilización de curso por dificultades graves do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo será excepcional, debidamente xustificada e motivada e precisará da autorización e conformidade das familias e o informe que o aconselle do Departamento de Orientación e do EOE.